

Os xéneros literarios infanto-xuvenís do espazo Galeusca, a debate en Pontevedra

Os escritores participantes destacan a importancia de Internet e os formatos dixitais na narrativa actual.

Por [Galicia Confidencial](#) | Pontevedra | 26/10/2013

en Pontevedra e as súas perspectivas de futuro e adecuación a novos formatos.

Nesta ocasión a organización do Encontro, que se reúne anualmente, corre a cargo da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG). E nestas xornadas, os escritores participaron en mesas de narrativa, poesía ou teatro e outros formatos.

No Encontro fíxose patente a atención que escritoras e escritores prestan aos novos formatos que as novas tecnoloxías achegan á literatura. Precisamente, destacou a necesidade de non perder de vista que a literatura como linguaxe artística debe ser preservada para poder acoller as contribucións que desde outras linguaxes e formatos dixitais poidan vir a incorporarse. Tamén que a literatura debe estar preparada para mudanzas de fondo.

Poesía e teatro

Na mesa de poesía os asistentes coincidiron en que é preciso achegala aos lectores e lectoras novas desde novas perspectivas, concluíndo que o poeta ten que aproximarse a eles a través de obradoiros e recitais. Neste xénero literario constatouse a existencia dunha poesía infantil, mentres que se puxo en cuestión o concepto de poesía xuvenil, na medida en que este público responde a perfís lectores con experiencias moi diversas.

No ámbito teatral remarcouse que este xénero fai patente a utilidade da literatura como instrumento que debe ser posto a disposición do público infanto-xuvenil, tanto a nivel da creación como de posta en escena tendo como único obxectivo final chegar ao coñecemento do propio corpo, voz e idioma. Insistiuse en que a mocidade debe ser protagonista do teatro para poder ser lectora e espectadora do mesmo cando adulta.

Fina Casalderrey e Xosé Vázquez Pintor, guiaron as delegacións galega, vasca e catalá, así como ao resto das persoas que acudiron ao Encontro, nun paseo literario por Pontevedra. Foi unha xornada de intercambio das experiencias que nos últimos anos se están levando adiante en Galicia, Cataluña e Euscadi, e na que se impuxo o optimismo no futuro da creación.

Este domingo a Federación celebrará a súa Asemblea, o único acto interno do Encontro.

A TÚA [ACHEGA](#)